| • PRESENTA OS TEXTOS APRENDIDOS SEN PERDER A IMPROVISACIÓN E A ESPONTANEIDADE. | Non fai presentación oral do seu traballo ou a fai dun xeito forzado, antinatural…Por exemplo, lendo directamente do papel. | Fai unha presentación oral pobre e/ou mecánica. Tena memorizada e apenas deixa marxe á espontaneidade. | Fai unha presentación oral bastantenatural, con algúns matices de improvisación e espontaneidade. | Fai a presentación oral do seu traballo de xeito natural, facendo un uso axeitado da improvisación e a espontaneidade. | |
| • RECOÑECE AS EMOCIÓNS NEGATIVAS (MEDO ESCÉNICO, NERVIOSISMO, INSEGURIDADE..) COMO UNHA MANIFESTACIÓN NATURAL NUNHA EXPOSICIÓN PÚBLICA. | Non é quen de comprender que certas emocións negativas son algo natural nunha exposición pública, e polo tanto sucumbe ante elas. | Non considera que as emocións negativas que sente sexan algo normal nunha exposición pública, mais é quen de exponer alomenos parte do seu traballo. | Dase conta de que certas emocións negativas que sente nunha exposición pública son algo natural e é quen de superalas. | É consciente das emocións negativas que lle pode producir o feito de exponer públicamente mais é quen de superalas e enfrontalas con seguridade. | |
| • DESENVOLVE HABILIDADES ASERTIVAS PARA EXPOR AS SÚAS IDEAS CON CONFIANZA E SEGURIDADE, DEFENDENDO DEREITOS ESTABLECIDOS DESDE UNHA PERSPECTIVA EMPÁTICA.. | Non amosa ningunha habilidade asertiva nas súas presentación, se as fai. Non manifesta confianza e seguridade nin é quen de defender dereitos propios ou alleos. | Apenas manifesta confianza e seguridade nas súas presentación, e non amosa habilidades asertivas.<br>Defende os dereitos propios pero non amosa empatía cara os demais. | Amosa certa confianza e seguridade así coma algunhas habilidades asertivas nas súas presentacións.<br>É quen de identificar os seus dereitos e os dos demais sen agredir a ninguén. | Amosa habilidades asertivas nas súas presentacións, confianza e seguridade.<br>Defende os seus dereitos e os dos demais sen agredir ou ofender a ninguén. | |
| **OBSERVACIÓNS:**<br>**GRAO MÍNIMO : 7/12** | | | | | **/12** |

## RÚBRICA COMPETENCIA CONCIENCIA E EXPRESIÓN CULTURAL

| R7_OR_CCEC_1 | NIVEL 0 | NIVEL 1 | NIVEL 2 | NIVEL 3 | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|
| • PRESENTACIÓN COIDADA DE TEXTOS ESCRITOS (limpeza, marxes, plantilla...)<br>• RESPECTO POLAS CONVENCIÓNS E NORMAS DE CORTESÍA | Non entrega os traballos ou os entrega cunha presentación moi descoidada e sen ningún interés por respectar as condicións. | Fai unha presentación descoidada dos textos. Non respecta todas as convencións e normas de cortesía. | Intenta facer unha presentación coidada dos textos que produce.<br>Atende á maioría das convencións e normas de cortesía precisas. | Fai unha presentación moi coidada dos textos que produce, atendendo ás convencións e normas de cortesía necesarias en cada caso. | |
| • SELECCIONA AS IDEAS COMBINANDO LÓXICA E EMOCIÓN PARA CONSTRUÍR PROPOSTAS PERSOAIS E ORIXINAIS. | Non fai unha selección de ideas. O seu discurso, se o fai, non é unha proposta persoal nin orixinal. | Non fai unha correcta selección de ideas, polo que o seu discurso apenas resulta persoal ou orixinal. Non mantén un equilibrio entre contidos lóxicos e emocionais. | Selecciona algunas ideas para construír o seu discurso, que resulta o suficientemente persoal e combina contidos lóxicos e emocionais. | Selecciona axeitadamente as ideas para crear un discurso orixinal, combinando contidos lóxicos e emocionais. | |
| • EMPREGA ESTRATEXIAS E RECURSOS DA RETÓRICA DE MANEIRA ORIXINAL E ÉTICA, E AO SERVIZO DA EFICACIA PERSUASIVA. | Non emprega ningún recurso nin estratexia retórica. O seu discurso, se o fai, non resulta eficaz. | Intenta empregar alguna estratexia ou recurso da retórica pero sen chegar a ser orixinal nin efectivo. | Emprega con bastante acerto estratexias e recursos retóricos no seu discurso, resultando este suficientemente orixinal e ético. | Emprega con éxito estratexias e recursos retóricos no seu discurso de maneira orixinal e ética. | |
| • IDENTIFICA E RESPECTA ASPECTOS SOCIOCULTURAIS BÁSICOS (SB- DOS PAÍSES DE FALA INGLESA).<br>• EVITA ESTEREOTIPOS E VALORACIÓNS ETNOCÉNTRICAS.<br>• (SB-ACTITUDE POSITIVA POLO USO DA LINGUA ESTRANXEIRA.) | Non recoñece aspectos socioculturais doutros países de fala inglesa. Expresa o seu rexeitamento polos mesmos e/ou fai valoracións estereotipadas.<br>(Non amosa unha actitude positiva cara o uso da lingua estranxeira en clase.) | Apenas recoñece algúns aspectos da cultura e sociedade de calquera dos países de fala inglesa e nalgunha ocasión fai uso de valoracións estereotipadas e/ou etnocéntricas.<br>(Non sempre amosa unha actitude positiva cara o uso da lingua estranxeira en clase.) | Recoñece algúns dos aspectos da cultura e sociedade de calquera dos países de fala inglesa e non adoita facer valoracións estereotipadas ou etnocéntricas.<br>(Amosa unha actitude positiva cara o uso da lingua estranxeira en clase.) | Recoñece aspectos da cultura e sociedade de calquera dos países de fala inglesa e non fai valoracións estereotipadas ou etnocéntricas.<br>(Amosa unha actitude moi positiva cara o uso da lingua estranxeira en clase.) | |
| **OBSERVACIÓNS:**<br>**GRAO MÍNIMO : 7/12** | | | | | **/12** |

## 3. CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS PARA CADA CURSO.

A nosa materia contribúe á consecución da adquisición de tódolos obxectivos para a etapa establecidos no Decreto *86/2015, do 25 de xuño,* xa que, as materias lingüísticas facilitan a integración mediante textos, actividades, debates... de contidos diversos (científicos, artísticos, sociais, deportivos ...), sen restrinxir os contidos aos meramente curriculares.Porén, atopamos que os obxectivos seguintes están particularmente vencellados á materia:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: A) TEMPORALIZACIÓN, B) GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA, C) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

| EA | TEMPORALIZACIÓN | EN GRAO MÍNIMO | INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN |
|---|---|---|---|
| **Bloque 1. O discurso persuasivo** | | | |
| ORB1.1.1. Identifica nos textos escritos os argumentos principais e a tese. | TODAS AS AVALIACIÓNS | ▪ Identifica a intención, argumentos principais, estructura do texto e as estratexias para captar a atención. | ▪ **Fichas de comprensión escrita** de textos en diferentes formatos e de diversa índole. |
| ORB1.1.2. Explica a intención do discurso. | | | |
| ORB1.1.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre ideas. | | | |
| ORB1.1.4. Identifica as estratexias para captar a atención e a benevolencia da audiencia equilibrando o uso de recursos emocionais e racionais. | | | |
| ORB1.1.5. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. | | | |
| ORB1.1.6. Valora a influencia dos trazos lingüísticos e dos procedementos retóricos na eficacia da mensaxe. | | | |
| ORB1.2.1. Identifica nos textos orais os argumentos principais e a tese. | | ▪ Ver grao mínimo fixado na rúbrica **R3_OR_CAA_1.** | ▪ **R3_OR_CAA_1** |
| ORB1.2.2. Explica a intención persuasiva do discurso e exprésaa. | | | |
| ORB1.2.3. Identifica a estrutura do texto e a relación entre as ideas que expón. | | | |
| ORB1.2.4. Contrasta o contido do texto co coñecemento obtido noutras fontes e co que sabe. | | | |
| ORB1.2.5. Identifica os recursos da linguaxe non verbal, e describe o seu valor expresivo. | | | |

| Bloque 2. Elaboración do discurso persuasivo | | | |
|---|---|---|---|
| ORB2.1.1. Condensa nunha frase breve e clara unha mensaxe persuasiva. | TODAS AS AVALIACIÓNS | ▪ Ver grao mínimo fixado na rúbrica **R1_OR_CCL_EE_1**<br><br>▪ Ver grao mínimo fixado nas rúbricas **R3_OR_CAA_1, R4_OR_CSC_1 R6_OR_CSIEE_1, R7_OR_CCEC_1** | ▪ **Redaccións** para a preparación dos discursos que serán avaliadas seguindo a rúbrica **R1_OR_CCL_EE_1**<br><br>▪ **Observación** para avaliar segundo as rúbricas **R3_OR_CAA_1 , R4_OR_CSC_1 R6_OR_CSIEE_1, R7_OR_CCEC_1** |
| ORB2.2.1. Emprega nun texto estratexias comunicativas para captar a atención e a benevolencia da audiencia. | | | |
| ORB2.2.2. Planifica o discurso tendo en conta as características do modelo ou xénero elixido. | | | |
| ORB2.2.3. Deseña o discurso tendo en conta o tempo e a canle de comunicación de que dispón. | | | |
| ORB2.3.1. Identifica as fontes das que pode obter información. | | | |
| ORB2.3.2. Selecciona as fontes documentais máis acaídas e as súas propias vivencias para extraer contidos e ideas variadas relacionadas co tema do discurso. | | | |
| ORB2.4.1. Analiza de xeito crítico a información atopada e avalía a súa idoneidade para o obxectivo do seu discurso. | | | |
| ORB2.4.2. Organiza os datos para o seu tratamento facendo uso das técnicas de traballo intelectual. | | | |
| ORB2.5.1. Selecciona as ideas combinando equilibradamente os contidos lóxicos cos emocionais, para construír unha proposta persoal e orixinal. | | | |
| ORB2.6.1. Emprega con propiedade os recursos propios da argumentación. | | | |
| ORB2.7.1. Organiza os contidos nunha estrutura clara e eficaz, na que se observa unha introdución, unha conclusión e un desenvolvemento coherente do corpo do discurso. | | | |
| ORB2.8.1. Redacta o discurso con coherencia, cohesión | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| e corrección lingüística. | | | |
| ORB2.8.2. Emprega recursos retóricos básicos de maneira orixinal e ao servizo da eficacia persuasiva. | | ▪ Ver grao mínimo fixado na rúbrica **R5_OR_CD_1.** | ▪ **Observación** para avaliar segundo a rúbrica **R5_OR_CD_1** |
| ORB2.9.1. Realiza sucesivas revisións, correccións e melloras do texto, axudándose da autoavaliación e da coavaliación. | | | |
| ORB2.9.2. Utiliza as TIC nos procesos de revisión da corrección ortográfica. | | | |
| **Bloque 3. A presentación do discurso persuasivo** | | | |
| ORB3.1.1. Desenvolve estratexias propias para memorizar un texto. | TODAS AS AVALIACIÓNS | ▪ Ver grao mínimo fixado na rúbrica **R2_OR_CCL_EO_1** | ▪ **Exposición oral** que será avaliada seguindo a rúbrica **R2_OR_CCL_EO_1** |
| ORB3.2.1. Presenta un texto aprendido sen perder a improvisación e a espontaneidade. | | | |
| ORB3.3.1. Realiza unha exposición na que procura manifestar confianza, seguridade e serenidade para gozar da oportunidade de presentar o seu discurso perante un auditorio. | | | |
| ORB3.4.1. Recoñece as emocións negativas (medo escénico, inseguridade, nerviosismo, etc.) como unha manifestación natural da exposición perante o público. | | ▪ Ver grao mínimo fixado nas rúbricas **R3_OR_CAA_1 , R4_OR_CSC_1 R6_OR_CSIEE_1, R7_OR_CCEC_1** | ▪ **Observación** para avaliar segundo as rúbricas **R3_OR_CAA_1 , R4_OR_CSC_1 R6_OR_CSIEE_1, R7_OR_CCEC_1** |
| ORB3.4.2. Desenvolve estratexias propias e saudables para controlar a conduta asociada ás emocións negativas. | | | |
| ORB3.5.1. Pronuncia con corrección e claridade un texto de creación propia. | | | |
| ORB3.5.2. Emprega con especial coidado o ritmo de elocución natural de xeito que permita seguir a exposición con facilidade. | | | |
| ORB3.5.3. Emprega as pausas, os silencios e os cambios de ton e de ritmo de maneira significativa, para | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| potenciar o poder expresivo do seu discurso. | | | |
| ORB3.6.1. Emprega nunha exposición a mirada, a posición do corpo e a xestualidade de maneira natural, eliminando progresivamente pequenos vicios e tics inadecuados. | | | |
| ORB3.6.2. Ocupa o espazo con naturalidade e personalidade, evitando o artificio. | | | |
| ORB3.7.1. Deseña presentacións con diapositivas sinxelas, claras e creativas, e emprega con moderación os recursos audiovisuais. | | ▪ Ver grao mínimo fixado na rúbrica **R5_OR_CD_1.** | ▪ **Observación** para avaliar segundo a rúbrica **R5_OR_CD_1.** |
| **Bloque 4. Oratoria, valores e educación emocional** | | | |
| ORB4.1.1. Emprega nun discurso as estratexias da retórica e da oratoria de maneira ética e honesta, recoñecendo as debilidades do razoamento propio e valorando as achegas do razoamento alleo. | TODAS AS AVALIACIÓNS | ▪ Ver grao mínimo fixado na rúbrica **R2_CCL_EO_1** | ▪ **Exposición oral** que será avaliada seguindo a rúbrica **R2_CCL_EO_1** |
| ORB4.1.2. Identifica as estrataxemas que terxiversan a información. | | | |
| ORB4.2.1. Presenta proxectos, achegas, opinións ou refutacións en ámbitos orais diversos reais ou ficticios. | | ▪ Ver grao mínimo fixado nas rúbricas **R3_OR_CAA_1 , R4_OR_CSC_1 R6_OR_CSIEE_1, R7_OR_CCEC_1** | ▪ **Observación** para avaliar segundo as rúbricas **R3_OR_CAA_1 , R4_OR_CSC_1 R6_OR_CSIEE_1, R7_OR_CCEC_1** |
| ORB4.2.2. Elabora discursos para a defensa lexítima de dereitos establecidos. | | | |
| ORB4.3.1. Recoñece a manifestación das súas habilidades intrapersoais a través do discurso. | | | |
| ORB4.3.2. Presenta as súas ideas desde unha perspectiva empática e sen agredir as outras persoas. | | | |
| ORB4.3.3. Desenvolve habilidades asertivas para expor as propias ideas con honestidade, afirmando os propios dereitos. | | | |

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA.

Para a ensinanza dos contidos e competencias desta materia levaremos a cabo unha **metodoloxía activa e participativa**. Promoveremos tanto o traballo individual como a cooperación entre o alumnado.

Levaranse a cabo **proxectos e actividades que integren estándares de aprendizaxe** dos diferentes bloques para adquirir así máis dunha competencia ao mesmo tempo.

Terá especial importancia o **uso das TIC** tanto por parte das profesoras na presentación do tema e tarefa, coma por parte do alumnado no desenvolvemento da actividade e elaboración final.

As temáticas escollidas versarán en torno a **temas de actualidade**, case sempre con **elementos transversais**, conmemoracións, etc: a crise climática, movemento feminista e contra a violencia machista, igualdade e loita contra inxustizas relacionadas co xénero, raza, discapacidade, etc.

Adicarase ao comezo dos proxectos/actividades un **tempo para a lectura** (discursos, artigos xornalísticos, etc) facendo especial atención ao vocabulario e recursos retóricos empregados.

No caso dos **grupos bilingües** empregaremos o inglés como língua vehicular, promovendo o seu uso na aula de xeito natural e espontáneo. Para isto axudará a presenza quincenal da persoa **auxiliar de conversa** colaborando no proceso de ensino e aprendizaxe.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.

Non se empregará libro de texto. O profesor aportará os materiais necesarios para o desenvolvemento dos contidos: apuntamentos, textos variados, orais ou escritos de diversas fontes (páxinas web, xornais, publicidade, obras literarias e representación teatrais...) exercicios, etc...

Para as actividades de elaboración do discurso e o correspondente apoio visual podemos facer uso das aulas abalar de 1º ESO, a biblioteca ou a aula de informática do centro. Unha ferramenta imprescindible para o alumnado é o **pendrive**, que deberá traer sempre consigo ás aulas.

## 7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO.

Avaliaremos as competencias relacionadas coa materia atendendo ao número de estándares de aprendizaxe que teñen asociados (ver Perfís Competenciais no punto 2). Este cadro amosa os instrumentos de avaliación que se empregarán e porcentaxe de cada unha delas:

| | | | |
|---|---|---|---|
| **CCL** | CO | **Observación diaria e entrevistas persoais.** | 5% |
| | CE | **Fichas de comprensión escrita** de textos. | 5% |
| | EO | **Exposición oral** que será avaliada seguindo a rúbrica **R2_CCL_EO_1** | **40%** |
| | EE | **Redaccións** para a preparación dun discurso avaliadas coa rúbrica **R1_OR_CCL_EE_1** | 5% |
| **CAA** | **R3_OR_CAA_1** | | **20%** |

| | | |
|---|---|---|
| **CSC** | **R4_OR_CSC_1** | **10%** |
| **CD+CMCCT** | **R5_OR_CD+CMCCT_1** | 5% |
| **CSIEE** | **R6_OR_CSIEE_1** | 5% |
| **CCEC** | **R7_OR_CCEC_1** | 5% |

As rúbricas para avaliar as competencias serán aplicadas ao traballo diario, achegas en clase e aos proxectos elaborados polo alumnado. Para aprobar a materia é preciso acadar o grao mínimo de cada competencia e obter **un mínimo dun 5 no cómputo global**.

Para recuperar alguna avaliación suspensa será preciso presentar ou repetir o(s) traballo(s) requeridos pola profesora no prazo indicado. Na **avaliación final ordinaria** farase media das tres avaliacións.

En caso de **copia e/ou plaxio** nalgunha das probas/traballos:

- Retirarase dita proba/traballo e cualificarase cunha nota de 0. Esta medida poderá adoptarse a posteriori se a detección do fraude se comproba despois dos feitos. O prazo para a comunicación e aplicación desta norma será ata a entrega da nota ao alumnado.
- Para recuperar esa proba, seguirase o mesmo procedemento que para o resto do alumnado suspenso. Terá que entregar un traballo proposto pola profesora no prazo que se lle indique.
- Esta medida será válida para a copia, plaxio, usurpación de identidade ou calquer outra falsificación detectada en calquer instrumento de cualificación: traballos individuais ou en grupo, exames, exposicións, etc.
- A medida será extensible ao alumnado que colabore por acción ou omisión nesta acción: deixarse copiar, facer traballos a outras persoas, etc.
- Estas accións poderán tipificarse como falta leve no RRI do centro e como tales notificaranse á familia e a Xefatura de Estudos. A reiteración será considerada como falta grave.

Na **avaliación extraordinaria de setembro**, o alumnado deberá presentar un traballo seguindo as indicacións dadas pola profesora en xuño e será avaliado mediante as rúbricas de competencias que correspondan, sendo preciso acadar un 5 no cómputo global desta proba.

## 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

| | 1<br>(Deficiente) | 2<br>(Regular) | 3<br>(Bo) | 4<br>(Moi bo) |
|---|---|---|---|---|
| Grao de cumprimento da programación. | | | | |

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| Resultados obxectivos do alumnado (tendo en conta a adecuación das probas) | | | | |
| Adecuación dos materiais didácticos (vídeos, textos,etc) | | | | |
| Efectividade da metodoloxía. | | | | |
| Funcionamento da Sección Bilingüe (mellora do uso da lingua estranxeira no alumnado) | | | | |
| Traballo da auxiliar de conversa (coordinación, influencia sobre a práctica diaria da lingua) | | | | |

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

Non hai alumnado coa materia pendente neste curso.

## 10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial versará sobre as expectativas que ten o alumnado sobre a materia, a súa motivación sobre a necesidade de aprendizaxe e o recoñecemento da importancia de falar en público e comprobar, da maneira máis individualizada aspectos coma a dicción (lectura de trabalínguas,) a linguaxe xestual, a expresividade, detectar ao alumnado máis tímido ou con máis reparo a falar en público...

A observación e valoración  destas primeiras intervencións daranos pistas para a organización dos grupos cooperativos heteroxéneos, orientaranos para a escolla de temas de interese para o alumnado, e permítenos detectar, nas primeiras sesións, aqueles alumnos que presenten dificultades ou que precisen dunha atención máis individualizada (problemas de dicción, falla de autoconfianza...)

## 11. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Na avaliación inicial o equipo de profesorado detectará a necesidade de facer adaptacións curriculares. Teremos en conta tamén a posibilidade de implementar algún reforzo a alumnado que presente certas dificultades que lle impidan desenvolver o traballo requerido para unha avaliación positiva.

## 12. CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

**"Prevención da violencia contra persoas con discapacidade" ,"Principio de igualdade de trato","Pluralidade"**

De cara ao 3 de decembro diferentes departamentos do centro colaboraremos na organización de

actividades para a conmemoración do Día Internacional das persoas con discapacidade. Desde a materia de Oratoria traballaremos nun discurso sobre o tema, vendo dende a empatía as dificultades que afrontan a diario estas persoas e aprendendo a importancia da linguaxe neste eido.

**“Igualdade efectiva entre homes e mulleres” “Prevención da violencia machista”**

Coñecemos o movemento #Metoo e traballamos neste tema tomando como base un discurso de Emma Watson no que explica o concepto #HeForShe.

## 13. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.

Contemplaremos ao longo do curso a posibilidade de organizar algunha actividade complementaria ou extraescolar ou colaboración con outros departamentos.

Contribuiremos na organización de actividades para a conmemoración a nivel de centro de datas sinaladas, acordadas ao comezo de curso.

## 14. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

Consideramos a programación didáctica como unha previsión duns obxectivos a cumprir mediante unha planificación de actividades adecuadas, baseada na normativa e na nosa experiencia como docentes. Sen embargo, sempre respectando o marco legal, é necesaria certa flexibilidade: o desenvolvemento da nosa tarefa educativa diaria obríganos a facer as revisións oportunas, para que este proxecto didáctico se faga realidade adaptándose ás características dos grupos ou dos nosos alumnos, e ás circunstancias e ao medio no que se realiza a nosa tarefa docente. Empregaremos os indicadores de logro no punto 8 para facer as modificacións oportunas.

En O Grove, a 16 de setembro de 2019,

| | | |
|---|---|---|
| Asdo. Mª José Besteiro Boudón | Asdo. Mª del Mar Díaz Losada | Asdo. Marta Fernández Padín |
| (Coordinadora e profesora da Sección Bilingüe) | (Profesora no grupo non bilingüe) | (Xefa do departamento) |